

Tenis

2014

29/12/14

Os frentes do tenis Barbazán:

*Máster provincial-Jealsa 2014

* Máster Galego Riveira 2014

Club Tenis

Punta Salera

981-83 23 06

616-63 82 41

MÁSTER PROVINCIAL DA CORUÑA-JEALSA

Boiro foi escenario este fin de semana de un intenso ir e vir das mellores raquetas da provincia da Coruña, tanto en categoría feminina, coma masculina.

A competición deu comezo o venres con interesantes partidos, pero o grueso dos enfrontamentos celebráronse o sábado dende a mañá ata a noite entre os pavillóns de Escarabote , Playa Jardín e Barraña. Reservándose o domingo para unas emocionantes semifinais e finais en Barraña ás que chegaron Celia Montero e Iria Seoane -con victoria para Montero 62/62- e Pablo Illodo e Miguel Casal, con victoria para Casal por 5-7/6-3/10-5 nun igualado partido que tivo emoción ata o punto final que daba o título de campión provincial por segundo ano consecutivo a Miguel Casal.

En canto á presenza local, que contou con numerosos xogadores da comarca, destaca a clasificación de Pablo Chouza, de Riveira, para cuartos de final, na categoría masculina e as boirenses, Belén Hermo e Laura Hermo, Carlota Ozores e María Silva, na mesma ronda, en categoría feminina.

O numeroso público (129 rifas se repartiron) logo de disfrutar das dúas finais, asistiron á entrega de trofeos que contou coa presenza do concelleiro de deportes Manolo Romero e co Sr alcalde Juan Dieste e Miguel Alonso, en representación de Jealsa, así coma Chicho García en representación do Club tenis Boiro.

Logo sorteáronse 3 lotes de nadal e material deportivo, da tenda Punto de Partido, entre os asistentes.

Eroski, o concello de Boiro e Jealsa foron os destacados patrocinadores de este evento que repartiu entre os mellores xogadores/as da provincia da Coruña un total de 1220€.

Pódese consultar todo en: <http://www.ctpuntasalera.es/>